INFORME DE NECESIDADES

Na memoria final do curso pasado xa recollíamos o seguinte:

6. Estimación do número de alumnado con neae: CURSO 2019-2020

A día de hoxe descoñecemos con exactitude qué alumnado se incorpora doutros centros no vindeiro curso, así como os resultados das probas de setembro. Facendo unha estimación en base a previsións dos centros de Primaria adscritos e datos deste curso, consideramos que no vindeiro curso o alumnado con NEAE superará ó actual, facendo absolutamente necesario incorporar máis persoal para atendelos. Somentes indicar que para 1º ESO contamos coa escolarización de 17 persoas con NEAE que veñen dos centros adscritos. Neste grupo hai unha persoa con TEA que, segundo os informes recabados, precisa atención permanente dun profesional educativo.

Analisando a situación actual, cúmprense con creces as previsións. A día de hoxe, e tendo en conta somentes as casuísticas máis graves do 1º ciclo, reseñamos:

1º ESO

Un alumno con TEA. Require presencia permanente dunha persoa a maiores da profesora para poder abordar as frecuentes crisis agresivas cara el ou os demáis. Non é quen de seguir o rítmo normal dun aula, necesitando saír con frecuencia.

Seis alumnos con importantes problemas no ámbeto social, catro deles tutelados en centros de acollida.

Unha alumna con TXD e discapacidade do 45%.

Un alumno con protocolo por ameaza de suicidio.

Un alumno con hipoacusia e transtorno de conducta.

Sete alumnos con importantes dificultades de aprendizaxe.

Varios alumnos con TDAH, algún deles nun importante grao de afectación.

2º ESO

Hai dous alumnos con TEA e adaptacións curriculares a nivel de 2º de Primaria, máis outro con Síndrome de Down e similar nivel curricular.

Dous alumnos con S. de Asperger, ún deles con evidentes dificultades para manter a atención e silencio na clase (aleteos, falar descontrolado...).

Un alumno con TDAH, dislexia e notorias dificultades de comprensión con ACS en case tódalas materias.

Un importante número con TDAH, transtornos psicosociais, dificultades de aprendizaxe, dislexia...

Ante esta situación, os dous profesores de PT e a técnica auxiliar, pouco podemos facer máis que atender as necesidades máis básicas dos casos máis graves (TEA, TXD, Asperger e S. Down) quedando o resto de necesidades sen atender. Sen contar, por suposto, o que ocurre en 3º e 4º ESO ou Bacharelato, cunha nena cega, outra con minusvalía síquica e multitude de TDAH e dificultades de aprendizaxe.